

LETRAS ROUBADAS

John Carney, 2026

1781

ESTREA EN NUMAX: 26.06.2026 | V.O.S.E. | +12 | 96 min

Cando Rick, un cantante de vodas en decadencia, coñece a Danny, unha exestrela de boy band, conectan nunha improvisación nocturna que converte unha canción de Rick nun éxito que relanza a súa carreira. Decidido a recuperar o recoñecemento, Rick arrisca todo o que lle importa.

«Ten os acordes fermosos que esperas dunha película de John Carney, pero tamén ten a discordia do verdadeiro drama»

Owen Gleiberman, VARIETY



A autenticidade como mercadoría

Por André Didyme-Dôme

Hai directores que entenden a música e hai directores que entenden o que sucede cando unha canción nace. John Carney pertence a este último grupo. Desde a intimidade romántica de *Once*, pasando polo encanto irresistible de *Begin Again* e alcanzando a perfección emocional con *Sing Street*, unha das grandes películas musicais deste século, o cineasta irlandés construíu unha filmografía obsesionada co acto creativo: Ese instante máxico no que unhas notas, unha melodía ou unha letra conectan a dúas persoas e terminan transformando as súas vidas.

Con *Letras roubadas*, Carney regresa a ese territorio que coñece tan ben, pero introduce un matiz distinto. Esta vez non se limita a celebrar o poder sanador da música, senón que explora que ocorre cando o talento, a ambición e a industria chocan entre si. Rick Power (Paul Rudd) é un músico estadounidense que leva anos vivindo en Irlanda e sobrevive como cantante dunha banda de vodas. Aínda que goza da súa vida familiar, nunca terminou de esquecer o soño de triunfar coas súas propias cancións. Durante unha actuación coñece a Danny Wilson (Nick Jonas), unha antiga estrela xuvenil que busca desesperadamente relanzar a súa carreira. Unha noite de guitarras, whiskey e inspiración compartida parece unilos como almas xemelgas musicais. Con todo, meses despois, Danny converte unha das cancións de Rick nun éxito mundial sen recoñecer a súa autoría. O interesante é que Carney evita a vía doada. Danny non é un vilán caricaturesco nin Rick unha vítima perfecta. O director atopa matices en ambos personaxes e constrúe un conflito que fala sobre a propiedade artística, a necesidade de recoñecemento e as renuncias que acompañan calquera carreira creativa.

Paul Rudd entrega probablemente unha das interpretacións máis sensíbeis da súa carreira recente. Rick transmite a frustración de quen ve como o soño que perseguiu durante anos finalmente se cumpre... pero en mans doutro. Pola súa banda, Nick Jonas sorprende cun personaxe cheo de contradicións. Danny Wilson é carismático, vulnerable e egoísta ao mesmo tempo, un produto dunha industria que converte a autenticidade en mercadoría. E é precisamente aí onde aparece a maxia de Carney. Como nas súas mellores películas, as cancións non funcionan como simples números musicais. Son extensións dos personaxes. Cada melodía (así sexa un *cover*) revela desexos, frustracións e feridas que os diálogos non poden expresar. Mesmo cando a historia adquire tons máis amargos, o director mantén intacta a súa fe na capacidade da música para conectar as persoas e dar sentido as súas vidas. Alén dunha divertida referencia a *Once*, os seguidores de Carney tamén gozarán dunha pequena chiscadela cinéfila e musical. O personaxe Danny Wilson é un nome que remite á banda escocesa dos anos oitenta, famosa polo sinxelo “Mary’s Prayer” e liderada por Gary Clark, compositor, cantante e colaborador habitual de Carney en varias das súas películas, incluíndo esta (xuntos compuxeron “How To Write a Song (Without You)”, a mazá da discordia entre os seus protagonistas).

Poida que *Letras roubadas* non alcance a enerxía de *Sing Street*, pero confirma que John Carney segue sendo un dos poucos cineastas capaces de capturar a emoción irrepitible que xorde cando alguén toma unha guitarra, atopa a combinación correcta de acordes e descobre unha verdade sobre si mesmo.

Publicado en rollingstone.com